

	NOMBRE	APELLIDOS	MERITO	ANO	LUGAR
1	Francisco	AMOEDO MARTÍNEZ	Boxeo. Impulsor deste deporte en Galicia. Presidente e adestrador do club Saudade de Vigo durante 32 anos. Os seus deportistas obtiveron meritorios resultados como un campión do Mundo e 64 campionatos de España. Do seu club saíron os máis destacados deportistas do boxeo galego.	1943	Vigo
2	HORACIO	BARROS GONZÁLEZ	Ciclismo. Toda unha vida, máis de 50 anos, ligado ao ciclismo e ao Club Spol Porriño, como presidente e director deportivo. Baixo a súa dirección correron os máis prestixiosos ciclistas galegos.	1944	O Porriño
3	MARTA	BOBO ARCE	Ximnasia. Primeira muller olímpica galega. Obtivo o 9º posto nos Xogos olímpicos de Los Ángeles 1984. Debutou con 15 anos no Campionato do Mundo de ximnasia rítmica de 1981.	1966	Ourense
4	GENARO	BORRÁS SANJURJO	(A título póstumo). Pioneiro da medicina deportiva en Galicia e médico da selección española de fútbol e do RC Celta de Vigo. Participou nos Xogos olímpicos de Barcelona 1992, en varias Eurocopas (1996, 2000, 2004) e varias Copas do Mundo (1998, 2002, 2006). Fundador da Asociación española de médicos do fútbol.	1945-2008	Vigo
5	FAMILIA	BOUZA BETRÍU	Voleibol. En 1981 fundaron o Club Voleibol Emeve. Os seis irmáns (Quico, Lolo, Ana, Coté, Coti e Bibí) levan toda a vida vinculados a este deporte, como deportistas, adestradores e directivos. Os seus fillos (2ª xeración) son os deportistas actuais do club. Destacar o traballo coa canteira, promovendo a formación de xogadores, adestradores e árbitros.		Lugo
6	MANUEL	CAMIÑA	Balónmán. A súa vida está unida ao Balónmán Cangas, e á inversa. Entrou no club en 1966, con 16 anos, e ata 1989 dirixiu diferentes equipos. Despois desenvolveu diferentes tarefas de xestión e foi presidente do club durante unha década. Colaborou en que o Cangas sexa o club galego que máis tempo permanece na máxima categoría do balónmán nacional. Xogou competición europea (Copa EHF) na tempada 2005/06.	1950	Cangas
7	JESÚS	CARBALLO GARCÍA	Ximnasia. Referente internacional da ximnasia moderna. Participou en 10 Xogos olímpicos como adestrador do equipo nacional. Na actualidade segue sendo adestrador da Federación española de ximnasia.	1944	Moaña
8	CLAUDINA	DE MENA ROCHA	50 anos de adicación ao deporte, principalmente no ámbito da educación física. Puxo en marcha os primeiros cursos de formación, en Educación física, para mestres xeneralistas. Foi mestra e profesora de universidade. Xogadora e adestradora en varios deportes, obtivo varios campionatos de España.	1929	A Coruña
9	JULIO	FERNÁNDEZ PEREZ	Practicante e promotor de varios deportes en Ourense. Nos anos 70, sendo xefe de actividades deportivas dálle un pulo ao deporte ourensá, creándose comités de moitos deportes, entre eles o balónmán, voleibol, fútbol, baloncesto, tenis, natación e outros. É un dos fundadores da Carreira de San Martiño.	1942	Ourense
10	ANTONIO	FRAGA FERNANDEZ	Hockey herba. Impulsor nos anos 40, como adestrador e directivo, do Hockey herba en Ourense. Tamén foi colaborador da Escudaría Ourense.	1920	Xinzo de Limia
11	RAMÓN	GIL SEQUEIRO	(A título póstumo). Fútbol. Primeiro olímpico galego (con Luís Otero). Amberes 1920 (prata).	1897-1965	Vigo
12	JESÚS	GONZÁLEZ MARGARIDE	Atletismo. Medallista paralímpico. Unha enfermidade apartouno de acadar a clasificación para os Xogos olímpicos de 1992. Participou nos Xogos paralímpicos de 1996 (7º) e do 2000 (3º e 8º).	1967	A Pontenova
13	MANUEL	IGLESIAS GARCÍA	Fútbol. Toda unha vida adicada ao fútbol de base. Dende o ano 1959 no Club Rápido de Bouzas, de Vigo, primeiro como xogador e, dende 1968, como secretario.	1938	Vigo
14	ARSENIO	IGLESIAS PARDO	Fútbol. No ano 1951 debutou en 1ª división co RC Deportivo de A Coruña. Tamén foi adestrador deste club e, no ano 1995, gañou a Copa de SM El Rey. Tamén foron subcampións de liga en dúas ocasións. Adestrou ao Real Madrid.	1930	Arteixo
15	FRANCISCO	NOVOA RODRIGUEZ	Fundador e patrocinador do Academia Postal de fútbol sala, e presidente e patrocinador do Club Ourense atletismo (25 anos en DH), patrocinador do Club ciclista Maceda. A súa empresa, Academia postal, leva 30 anos apoiando ao deporte.	1944	Maceda
16	RAFAEL	OLMEDO LIMESSES	Vela. Toda unha vida adicada a este deporte. Presidente do Monte real club de yates de Baiona dende o ano 1973. A entidade que preside foi o primeiro desafiante español a un gañador da America's cup, en 1992.	1916	Pontevedra
17	ALFONSO	ORTEGA CASASNOVAS	Atletismo. Foi adestrador dos mellores atletas do fondo e mediofondo de Galicia. Responsable do equipo nacional de fondo, maratón e campo a través. Adestrador do RC Celta de atletismo dende 1960. Adestrador do equipo nacional en 3 Xogos olímpicos: 1968, 1972 e 1996.	1930	Ribadavia
18	LUÍS	OTERO SÁNCHEZ-ENCINAS	(A título póstumo). Fútbol. Primeiro olímpico galego (con Ramón Gil). Amberes 1920 (prata).	1893-1955	Pontevedra

19	ANA	PENAS BALCHADA	Piragüismo. Muller, xa retirada, con mais participación en Xogos olímpicos. Anos 1992 (11ª), 1996 (6ª) e 2000 (8ª). Varias veces campioa de España e varias medallas en campionatos do Mundo.	1971	Pontevedra
20	ÓSCAR	PEREIRO SIO	Ciclismo. Único galego gañador do Tour de Francia. Foi no ano 2006. Tamén foi protagonista do Tour gañando unha etapa no ano 2005, e obtendo o 10º posto en dúas ocasións: anos 2005 e 2007.	1970	Mos
21	ANTONIO	PRADA ZORELLE	(A título póstumo). Ximnasia. Ex-presidente da Federación galega de Ximnasia. Mais de 20 anos dirixindo e modernizando a ximnasia de Galicia. Xuíz en varios campionatos de Europa e do Mundo.	1941-2006	Ourense
22	LUÍS GREGORIO	RAMOS MISIONÉ	Piragüismo. Dobre medallista olímpico: 1976 (2º) e 1980 (3º). Ademais foi 6º nos Xogos de 1984. Posuidor de 10 medallas en Campionatos do Mundo, e foi gañador do Descenso do río Sella en 4 ocasións. Foi elixido como mellor deportista español no ano 1979.	1953	Oviedo
23	IRMÁNS	RODRÍGUEZ	(A título póstumo). Ciclismo. É a saga de irmáns (Delio, Emilio e Manuel) mais importante do ciclismo español. Delio gañou a Vuelta a España de 1945. Aínda conserva o récord de triunfos (40) na ronda española, así como o de vitorias nunha mesma edición. Emilio gañou a Vuelta de 1950, na que o seu irmán Manuel, que era un grandísimo escalador, foi segundo.		Ponteareas
24	SANTIAGO CÉSAR	SANMAMED LORA	Piragüismo. Ex-presidente das federacións galega e española de piragüismo. Artífice da modernización e despegue do piragüismo en Galicia. Baixo o seu mandato se crearon os grupos de tecnificación e se consolidaron as mellores competicións de ámbito galego e nacional.	1949	Tetuán (Marruecos)
25	ANTONIO	SANTORIO OTERO	(A título póstumo). Tenis. Ex-presidente da Federación galega de Tenis. Mais de 20 anos dirixindo e modernizando o tenis de Galicia. Deportista e directivo. Creou o grupo de tecnificación de tenis no Centro galego de tencificación deportiva, en Pontevedra.	1936-2009	Vigo
26	LUÍS	SUÁREZ MIRAMONTES	Fútbol. Único español galardonado co "balón de oro", foi en 1960. Gañou a Eurocopa de 1964. Xogou no RC Deportivo de A Coruña, FC Barcelona e Inter de Milán, entre outros. Foi adestrador da selección española de fútbol. Actualmente é membro da secretaría técnica do Inter de Milán.	1930	A Coruña
27	JOSE LUIS	TORRADO CASAL	Referente a nivel nacional no deporte como recuperador deportivo. Leva mais de 50 anos axudando a deportistas de diferentes modalidades. Traballou coas seleccións nacionais de baloncesto e atletismo, equipos de fútbol e varios campións olímpicos. Estivo presente en varios Xogos olímpicos.	1935	Mugardos
28	GUILLERMO	TOUZA RODRÍGUEZ	Voleibol. Toda unha vida, mais de 40 anos vinculado o deporte do voleibol. Durante estes anos desenvolve tarefas de xogador, adestrador e presidente do Club voleibol Vigo, que milita na 1ª categoría do voleibol nacional.	1949	Ribadavia
29	JULIA	VAQUERO SOUSA	Atletismo. Especialista en probas de longa distancia e campo a través. Dende 1992 a 1997 dominou o panorama nacional de fondo. Foi sete anos consecutivos campioa de España de cross, sendo a mellor fondista da década dos 90. Participou nos Xogos olímpicos de 1996 (9ª).	1970	Chamonix Francia
30	JOSÉ RAMÓN	VARELA PORTAS	Baloncesto. Os irmáns Varela Portas fundaron, en 1966, o CB Breogán. Club referente do baloncesto e do deporte da provincia de Lugo.	1928	Lugo
31	JUAN	VARELA PORTAS	(A título póstumo). Baloncesto. Os irmáns Varela Portas fundaron, en 1966, o CB Breogán. Club referente do baloncesto e do deporte da provincia de Lugo.	1935-2010	Lugo
32	SERGIO	VÁZQUEZ GÓMEZ	Atletismo. Ex-presidente Federación galega de atletismo. Mais de 20 anos dirixindo e modernizando o atletismo de Galicia. Vinculado a este deporte dende o ano 1953. Foi campión de España en varias ocasións e tivo varios records de España. Fundador do Club atlético coruñés.	1936	Lugo
33		FADEMGA	A Federación de Asociacións a favor das Persoas con Discapacidade Intelectual de Galicia é unha entidade non gubernamental e sen ánimo de lucro, creada en 1979. Acolle a 41 asociacións. Nos seus 96 centros repartidos por toda a xeografía galega, o deporte forma parte principal das súas actividades recreativas e educativas.	1979	Galicia
34		INEF GALICIA	Creado por Decreto no ano 1986. Desenvolve a súa actividade docente e investigadora dende o ano 1987. Consolidado como un dos centros formativos con maior calidade de España. Ten gran influencia na modernización do deporte de Galicia nos ámbitos do adestramento, a educación, a promoción da actividade física para a saúde e a xestión. É Facultade das Ciencias do Deporte e a Educación Física da Universidade da Coruña dende o ano 2004.	1986	Oleiros

35	LICEO CLUB HOCKEY	Hockey a patíns. Club galego más laureado. Na tempada 81/82 gañan a Copa do Rei, a Copa de Europa e son subcampións de liga. Na tempada 82/83 gaña a súa primeira liga. Mais tarde gañan a Recopa de Europa e a Supercopa de Europa.	1972	A Coruña
36	NOVACAIXAGALICIA	Destaca, agora e antes de ser unha única caixa, pola promoción e colaboración con entidades públicas e privadas no fomento e extensión da actividade física en todas as súas acepcións, desenvolvendo un destacado traballo social, fundamental na vertebración do deporte en todos os pobos e cidades galegas.		Galicia
37	Real club de regatas Galic	Club decano de Galicia. Fundado en 1902, aínda que hai escritos que acreditan unha maior antigüidade. En España unicamente é superado polo Club regatas de Alicante. Único club que ten en propiedade a Copa de SM El Rey Alfonso XIII.	1902	Vilagarcía de Arousa
38	RCN de Vigo	Fundado no ano 1906. Entidade deportiva con gran influencia no deporte de Vigo e de toda Galicia. Actividade deportiva consolidada en remo, vela, natación, tenis de mesa e outros deportes. Varios dos seus deportistas acadaron participacións olímpicas.	1906	Vigo